

RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE MARZO POLA QUE SE CORRIXEN OS ERROS DETECTADOS NA RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA DE TRES BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO COA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Tras detectar varios erros na Resolución reitoral do 15/02/2017 pola que se anuncia a convocatoria de tres bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudantado coa Área de Normalización Lingüística (ANL) da Universidade de Vigo, cómpre facer as oportunas correccións no sentido indicado a continuación:

1. Nas bases da convocatoria no punto 2, onde di:
 - a) «Ser estudante na Universidade de Vigo de Filoxía Galega, Grao en Estudos de Galego e Español (itinerario lingua galega e española/lingua e literatura galega), ou de Tradución e Interpretación (Lingua A: galego) no curso 2015/2016 e ter cursados, polo menos, o 50 % dos créditos totais da titulación», debe dicir: «a) Ser estudante na Universidade de Vigo de Filoxía Galega, Grao en Estudos de Galego e Español (itinerario lingua galega e española/lingua e literatura galega), de Tradución e Interpretación (Lingua A: galego), ou Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios no curso 2016/2017, ou ter cursados, polo menos, o 50 % dos créditos totais da titulación».
 - b) «Estar matriculado no curso 2016/2017 nas devanditas titulacións» débese suprimir.
2. Con motivo desta corrección ábrese un novo prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais para o alumnado da Universidade de Vigo que estea interesado e que reúna os requisitos da citada resolución..
3. As persoas que xa solicitaron a bolsa anteriormente (RR 15/02/2017), non teñen que volver entregar a documentación.



Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201700004635
16/03/17 09:36:10

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no rexistro desta universidade.

Vigo, 16 de marzo de 2017



A secretaría do reitor

Carmen Estévez Caamaño